



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
De Blas Varela, María Esther
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Souto García, Raquel

DECANOS/DIRECTORES

Cuevas Alonso, Miguel
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, Consuelo
García Cutrín, Francisco Javier
García González, Silvia
Lavilla Beltrán, M. Isela
Pardo Froján, Juan E.
Reboreda Morillo, Susana
Rivo López, Elena
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

De Lorenzo Rodríguez, M^a Edita
Fálagan Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Balado Barciela, Adrián
Gómez Fariñas, Beatriz
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Estévez Orge, Marcos
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pérez Gómez, Luis

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Collazo Fernández, Antonio
Doval Ruiz, María Isabel
Ferro Soto, Carlos
Garrote Velasco, Gil
Moldes Pita, Óscar

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 12 de decembro de 2018, convocada para as 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

Ás 10:05 h do día **12 de decembro de 2018** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da correspondente á sesión ordinaria do 13 de novembro de 2018.
2. Informe do Sr. Reitor.
3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario de 2019.
4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2019.
5. Aprobación, se procede, de recoñecemento docente por pertenza ao Tribunal Único da Proba de Acceso á Universidade.
6. Aprobación, se procede, da modificación puntual na memoria do Programa de Doutoramento en Protección del Patrimonio Cultural.
7. Aceptación, se procede, da doazón do pintor D. Alejandro Cabeza do cadro *Retrato de Ramón María del Valle-Inclán*.
8. Aceptación, se procede, da doazón de equipos de investigación da empresa Endesa SL á Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo como socio fundador da asociación privada sen fins lucrativos AquaValor-Centro de Valorización e Transferencia da Tecnoloxía da Auga.
10. Proposta de ampliación da gratuidade do servizo de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario a todos os usuarios propios da Universidade de Vigo.
11. Renovación, se procede, dos membros da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.

12. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público do PAS da Universidade de Vigo para o ano 2018.

13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios:– Convenio de colaboración entre as consellerías de Política Social e de Educación, Universidade e Formación Profesional, as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e a Asociación Abuso e Maltrato Infantil No. Galicia (Amino.Gal), para a formación, difusión e sensibilización no eido da violencia sexual infantil – Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e Vigo para o financiamento do proxecto de democratización do coñecemento no exercicio 2018.

14. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno.
- a. Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante
 - b. Investigación: 1 estudante
15. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.
16. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta da correspondente á sesión ordinaria do 13 de novembro de 2018.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do Sr. Reitor.

O Sr. reitor informa da última reunión do Consello Galego de Universidades, onde se falou do selo de excelencia para másteres; do complemento retributivo de transferencia autonómico; do mapa de titulacións; da oferta de prazas do SUE; do traballo das mesas de negociación (PDI, decreto de titulacións e internacionalización); do informe negativo de tres novas Universidades privadas; das diferencias nas probas de acceso ABAU; dos Estatutos da Universidade de Vigo (pendentes dun informe xurídico); e dunha petición para crear unha nova universidade privada en Galicia.

Non hai intervencións.

3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario de 2019.

O Sr. vicerreitor de Economía expón que o teito de gasto (**Anexo I**) calculouse de xeito parecido aos anos anteriores e que xa pasou pola comisión do Consello Social.

Non hai intervencións.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2019.

O Sr. vicerreitor sinala que o presuposto (**Anexo II**) axústase á normativa vixente e pasa a expoñer as liñas principais do mesmo, como xa fixera na reunión do Claustro. Comeza cos ingresos, expoñendo un gráfico coa evolución do financiamento universitario de Galicia no 2016-2019 e das achegas dos plans de financiamento. Indica as previsións para o plan galego de financiamento universitario 2016-2020. As universidades galegas caen, pero a caída da UVigo é menor. Expón a evolución dos ingresos entre 2016 e 2019. O presuposto da Universidade de Vigo sobe respecto ao ano anterior aínda que o incremento non serve para facer política no gasto corrente. Nas transferencias correntes sobe o presuposto un 7%, como reflexa o orzamento de ingresos 2016-2019. Amonsa a continuación a composición do ingreso por capítulos para o ano 2019. En canto aos gastos, o capítulo de persoal é o máis importante (sobe máis de un 6%). O capítulo II (gastos correntes) sobe un 4%. Os gastos financeiros soben un 200% pero por un efecto contable. As transferencias correntes baixan case un 5%. O capítulo VI sobe case un 8%. Amósase o cadro de gasto xeral.

Na rolda de intervencións o Sr. Íñigo Cuññas pregunta pola redución do presuposto dos centros e das axudas á investigación e pregunta canto do incremento de gasto de persoal vén de achegas da Xunta de Galicia e canto dos recortes e se se pode facer unha estimación das cantidades que supoñen as políticas de persoal do equipo de goberno. O Sr. vicerreitor resposta que para facer os orzamentos temos distintos tipo de condicionantes. Os exógenos dependen dos ingresos conxunturais da Universidade, polo que poden variar. A estimación de caída de ingresos conxunturais e de 400.000 euros aproximadamente. Hai uns condicionantes herdados que temos que afrontar (por exemplo, edificios, convocatorias previas de axudas

etc.). A reestruturación do presuposto ronda 1.700.000 euros, que debe saír de diferentes partidas. A redución do presuposto dos centros ronda o 10% e a dos departamentos o 2%.

O Sr. Xan Cebro adianta a súa abstención na votación, xa que entende que faltan certos compromisos co PAS, previstos no programa electoral. Fala asemade de diversas eivas nos criterios manexados para calcular a financiación. Indica que certos datos que manexa a comisión económica están mal. Fala tamén de diversas distorsións nas RPT de do PAS e na composición dos departamentos de PDI. O número de PAS afórranse cartos na Universidade de Vigo respecto das outras Universidades do SUG. Remata sinalando que na masa salarial inclúense as contratacións de persoal por certas necesidades, como teito da masa salarial. Aconsella negociar coa Xunta de Galicia como se fixo no pasado cos trienios e quinquenios, que finalmente foron engadidos a maiores do teito. O Sr. reitor resposta que os datos manexados son públicos e están en poder dos representantes sindicais, e que os compromisos electorais, aínda que non aparezan directamente nos orzamentos, entende que están pendentes de cumprimento, ao longo dos próximos catro anos. Resposta ao Sr. Cuñas que certas políticas de persoal están condicionadas polos límites que impoñe a masa salarial (aínda que as perspectivas son boas a este respecto) e polas negociacións sindicais. Entende que nos orzamentos deuse máis pulo ao PDI á espera de estudar mellor o cadro do PAS ao longo do 2019. Louva o traballo do equipo económico anterior, por ter presentado sempre orzamentos cribles e serios. O Sr. vicerreitor de Economía resposta ao Sr. Xan Cebro que certos datos poden non aparecer desagregados para facilitar o entendemento dos presupostos, pero que foron certamente manexados á hora de elaboralos. En canto ao PDI, está previsto o estudo do cadro de persoal do PDI. O plan de financiamento para as universidades, negociado coa Xunta, non se pode variar de momento, ata o 2020. Respecto do cálculo da masa salarial, acepta todas as suxestións que podan mellorar a negociación da mesma. Unha cosa é ter maior marxe de masa salarial e outra e incrementar o presuposto para facelas. Concorde co Sr. reitor na credibilidade das contas da Universidade de Vigo.

A Sra. Edita de Lorenzo valora que o equipo de goberno se axuste ás súas liñas programáticas. Quéixase de certa falta de claridade nas diapositivas expostas e prega porque a negociación coa Xunta sexa mellor o ano que vén, xa que certos incrementos viñan dados. Entende que debería comezarse a negociar o plan de financiamento. Quéixase da baixada do presuposto nos centros e nalgunhas vicerreitorías. O Sr. vicerreitor de Economía aclara como se desenvolve a negociación coa Xunta, que se centra na marxe de masa salarial que permite incrementar, sen ter marxe de negociación para os ingresos. En termos relativos, os ingresos recibidos en 2019 foron superiores ás do resto do SUG. Espera que no 2020 haxa un novo plan de financiamento, aínda que non ten claro que será así. A baixada do presuposto de centros e departamentos foi inevitable para poder facer certas políticas. O Sr. reitor agradece a intervención da Sra. Edita de Lorenzo e aclara que se está a negociar a suba de salarios coa Xunta e que pensa que haberá un novo plan de financiamento mellor que o actual, aínda que o panorama pode ser incerto, e que se manterá informada á comunidade universitaria. O Sr. Luis Pérez é pesimista de cara ao futuro plan de financiamento, que pensa que será peor para a Universidade de Vigo que o actual, e que a negociación será complicada. Cre que nos orzamentos deberíamos ser prudentes, sobre todo no capítulo 1. Bota en falta compromisos anteriores respectivos á consolidación de certo PDI. Bota en falta unha RPT do PDI, en relación aos orzamentos. Entende que o problema dos orzamentos é o do capítulo 1, e que nos arriscamos a ir polo mesmo camiño que a Universidade da Coruña, o que el non desexa para a Universidade de Vigo. En relación a recuperación da paga extra refírese á situación do conxunto do PAS, en relación co seu salario. Alude a certos compromisos previstos co PAS no programa electoral e sinala que ás veces as redaccións son mellorables. Finaliza referíndose ao compromiso relativo ás melloras no traballo do PDI, particularmente en relación co paso ás 280 horas. Entende que non se deberían utilizar profesorado asociado para realizar tarefas de traballo estrutural. A Sra. xerente aclara a regulación das pagas extras consonte a normativa, sinalando que o PDI cobraría dentro da paga adicional un compoñente específico. O Sr. reitor sinala que os orzamentos fixan certas prioridades políticas, na liña dos compromisos electorais. Comparte certo medo, aínda que non pesimismo, de cara ás negociacións do plan de financiamento futuro. Entende que a situación actual é mellor de cara a preacordos entre as

universidades do SUG, sobre todo de cara a parte estrutural do financiamento. Tentarase ser realista. O Sr. vicerreitor de Economía, en canto ao capítulo 1, entende que manterá a estabilidade orzamentaria e o déficit cero, como ata agora nos últimos anos, recoñecendo a labor do anterior vicerreitor de Economía. Opina que xa houbo unha gran redución do cadro de persoal do PDI dende o ano 2012. A figura dos asociados será empregada no curto prazo, á espera dun estudo por parte da Vicerreitoría de Profesorado. Destaca a necesidade de ser eficientes no gasto, no que a Universidade de Vigo pode mellorar. O Sr. Xan Cebro lembra que hai un colectivo que non cobra as pagas extras completas, o que é inxusto, referíndose ao PDI. Discrepa co Sr. Luis Pérez en relación coa súa visión do plan de financiamento. Reclama que estuden ben os datos relativos ao persoal, entendendo que na Universidade de Vigo estamos peor que no resto do SUG. O Sr. reitor comparte que na Universidade de Vigo estamos peor que no resto do SUG e toma nota de todas as suxestións, especialmente nas relativas ao estudo dos cadros de persoal.

Procédese á votación: 26 a favor; 0 en contra; 5 abstencións.

Apróbanse os orzamentos.

5. aprobación, se procede, de recoñecemento docente por pertenza ao tribunal único da proba de acceso á universidade.

O Sr. reitor agradece ao delegado do reitor o seu esforzo neste eido, logrando que se inclúa a un representante da Universidade de Vigo neste tribunal. O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara que a CIUGA ten un tribunal único das probas de acceso que se encarga de todos os trámites para esta proba. Ao incluírse agora un profesor da Universidade de Vigo (D. Celso Cancela) se entende que debe gozar dun recoñecemento docente polo seu traballo. Proponse un desconto do 50%, equivalente a un decano.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da modificación puntual na memoria do Programa de Doutoramento en Protección del Patrimonio Cultural.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen resalta que se trata dun programa interuniversitario exitoso. Por prudencia, prevían un acceso escaso de doutorandos. Como a demanda é alta, proponse que a partir do segundo a cota de acceso sexa de catro persoas en lugar das dúas actuais.

Apróbase por asentimento.

7. Aceptación, se procede, da doazón do pintor D. Alejandro Cabeza do cadro Retrato de Ramón María del Valle-Inclán.

O Sr. reitor mostra o cadro doado.

Apróbase por asentimento.

8. Aceptación, se procede, da doazón de equipos de investigación da empresa Endesa SL á Universidade de Vigo.

O Sr. reitor aclara que é unha cuestión similar á anterior, a aceptación dunha doazón.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo como socio fundador da asociación privada sen fins lucrativos AquaValor-Centro de Valorización e Transferencia da Tecnoloxía da Auga.

O Sr. reitor indica as liñas xerais da proposta, que ten que ver coa temática do Campus de Ourense relativa á Auga.

Apróbase por asentimento.

10.Proposta de ampliación da gratuidade do servizo de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario a todos os usuarios propios da Universidade de Vigo.

O Sr. reitor aclara que é unha petición que xurdiu no Claustro e que implica a varios órganos: comisión de biblioteca, de planificación, e volta ao Consello de Goberno. O Sr. Mollinedo quere saber en canto se incrementaría o gasto, cal é o custe real de todo o proceso. O Sr. reitor entende que esa valoración corresponderá ás distintas comisións. O Sr. Jesús Rico sinala unha cuestión paralela en relación coas limitacións para o préstamo interbibliotecario que afecta aos estudantes de doutoramento. O Sr. Luis Pérez entende que este punto da orde do día non debería estar no Consello de Goberno e pensa que a intervención do Sr. Rico non debería figurar neste punto, se non na rolda de intervencións. A Sra. Susana Reboreda entende que os libros de préstamo interbibliotecario non se poden sacar da biblioteca. O Sr. reitor conclúe que o punto volverá ao Consello de Goberno cando pase polas diferentes comisións.

11.Renovación, se procede, dos membros da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.

O Sr. secretario xeral aclara que se trata dunha comisión representativa, que se reúne unha vez ao ano, e que certos representantes deben ser substituídos, en cumprimento do regulamento (3 representantes do alumnado, 2 do PDI e 1 do PAS).

Os representantes do alumnado propoñen a D. Luis González Varela e D. Óscar Moldes Pita, polo que queda unha praza vacante.

Por lo PDI continuará D^a. Edita de Lorenzo, e D. Abraham Segade Robleda substitúe a D. Ignacio Bajo Palacio.

Como representante do PAS, continúa D. Rodrigo Alverte Pivida.

12.Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público do PAS da Universidade de Vigo para o ano 2018.

O Sr. reitor agradece á Sra. xerente o seu esforzo negociador. A Sra. xerente aclara que a oferta se axusta aos prazos e á normativa prevista. Agradece á Xunta de Persoal e aos comités de empresa o seu esforzo negociador. Indica os parámetros que se seguiron e as prazas libres por taxa de reposición. Houbo 8 xubilacións. Hai cinco prazas que non computan na promoción interna e unha praza de persoal indefinido non fixo. Por estabilización de emprego quedan 13 prazas de PAS laboral. Quedan outras prazas que se convocarán en ofertas sucesivas. As 25 prazas que se ofertan son mostradas en función do sistema de acceso. Chegou o informe favorable da Consellería de Facenda o pasado día 10.

O Sr. Luis Pérez sinala que houbo certas dificultades sobrevidas pero que se traballou de forma conxunta no camiño correcto, a pesar das discrepancias. Pensa que o acordo é bo para todos e reclama o apoio do Consello de Goberno. O Sr. Xan Cebro agradece á mesa de negociación o esforzo levado a cabo. Refírese ao plan de estabilización, de cara ao futuro, pedindo que se aclaren as prazas de estabilización para o PAS funcionario, xa que non lle cadran os datos. Alude a un escrito da Xerencia sobre un concurso de persoal interino contratado en prazas RPT, para 28 prazas, onde se moveu persoal xa contratado, e que contabiliza como novo contrato, o que afecta a OEP. Pide a xerente que se estude sacar o 100% das prazas de cara a futuro. A Sra. xerente agradece ao Sr. Luis Pérez o acordo. Resposta ao Sr. Cebro en

relación con certos problemas que pode haber, xa que as prazas de estabilización deben ser notificadas ao Ministerio de Facenda. O Sr. reitor conclúe dándolle as grazas a todos.

Apróbase por asentimento (**Anexo III**).

13.Aprobación, se procede, dos seguintes convenios:– Convenio de colaboración entre as consellerías de Política Social e de Educación, Universidade e Formación Profesional, as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e a Asociación Abuso e Maltrato Infantil No. Galicia (Amino.Gal), para a formación, difusión e sensibilización no eido da violencia sexual infantil – Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e Vigo para o financiamento do proxecto de democratización do coñecemento no exercicio 2018.

Apróbanse por asentimento.

14.Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno.

- a. Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante**
- b. Investigación: 1 estudante**

Non se presentaron candidaturas.

15.Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.

Non se presentaron candidaturas.

16.Rogos e preguntas.

O Sr. Xan Cebro pregunta por unha modificación en COAP debida a un problema na unidade de apoio a centros e departamentos, e solicita que se estude ben a RPT, remarcando as diferencias entre uns e outros. Era partidario de ampliar o prazo no tema que se debatía na COAP, porque afectaba a temas substanciais da convocatoria. Opina que certos servizos están saturados de traballo. Recomenda falar co persoal que leva a xestión. O Sr. reitor aclara que se traballará arreo na RPT ao longo do 2019. A Sra. Carmen Ruiz aclara que a Facultade de CC. Xurídicas e a de Económicas non había luz no aparcadoiro e pide que se pinten as prazas do mesmo. Está de acordo co vicerreitor de Economía na eficiencia do gasto e critica os prazos escasos para tomar certas decisións nos departamentos de cara á planificación do orzamento. En relación coa produción científica, critica tamén os prazos previstos para os gasto desta partida, que considera insuficientes. Pregunta á Sra. vicerreitora de Investigación pola convocatoria de produción científica, xa que estamos no mes de decembro. Pregunta polos criterios que se terán en conta para a produción científica. Finaliza preguntado ao Sr. reitor polo asunto da universidade privada e como se traballará para reducir o seu impacto de cara a captación do alumnado no eido dos graos e nos másteres.

O Sr. vicerreitor de Planificación responde aos problemas de iluminación no Campus, que é mellorable. E que o asunto das prazas de aparcamento é un asunto de educación, aínda que se barallaron diversas opcións. O Sr. vicerreitor de Economía aclara que non quixeron cambiar de golpe todos os criterios preexistentes e que houbo que esperar por certos datos facilitados pola unidade de análises e programas. Comparte os problemas dos aplicativos informáticos de xestión e pedidos para o PDI, aínda que son beneficiosos para a xestión económica na Universidade de Vigo, malia que sexan mellorables. A Sra. vicerreitora de Investigación aclara certos puntos sobre a produción científica. O problema dos tempos deriva da gran cantidade de alegacións, que retrasa a necesaria celebración da Comisión de Investigación. Estase a barallar unha produción científica máis sintética de cara ao futuro. A convocatoria sairá a mediados de xaneiro conxuntamente para os cursos 2017 e 2018. O pago se fará para os cursos anteriores en xaneiro. Ao ter carácter retroactivo, vai ser parecida á de anos anteriores en canto a tramitación e

criterios. De cara ao futuro, incluíranse cambios, tamén de cara á transferencia. A Sra. vicerreitora de Transferencia indica que neste eido están mal definidos os criterios que se valoran, e que se traballará neste eido de cara ao futuro, tendo en conta a creación do novo sexenio de transferencia. Manteranse de momento os mesmos apartados, mellor especificados, para minimizar as reclamacións. A Sra. Carmen Ruiz expón diversos exemplos do que entende que é a transferencia no eido xurídico. O Sr. reitor é partidario de ter os cartos de produción científica ao comezo do ano. Ten o rogo dunhas boas festas e lembra a celebración do concerto de Nadal, polo acordo gratuíto coa orquestra viguesa 430. En canto á universidade privada, cuxa petición xa foi presentada, manifesta que as regras do xogo ten que ser claras para que isto non supoña un problema para a universidade pública. Está a estudar diversas iniciativas de cara a este asunto, para minimizar o seu impacto de cara á Universidade de Vigo. Entende que lle pode facer máis dano ao eido tecnolóxico. Recalca que sen dúbida a nosa oferta académica é moito máis potente, e que o problema do declive do alumnado ten que ser abordado en profundidade. En canto aos prezos públicos, coincide coa proposta do Goberno español de que os prezos dos máster sexan equivalentes aos dos graos. A Sra. Carmen Ruiz pon o acento na escasa financiación dos máster. O Sr. reitor pensa no compromiso da Xunta de asumir eses custos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:05 h do día 12 de decembro de 2018, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O Reitor

O Secretario Xeral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez